

# O tabú afectivo

## Leire Bilbao



(Ondarroa, 1978). É licenciada en Dereito Económico pola universidade de Deusto. Colabora co mundo do bersolarismo dende nova; deixou de participar nos festivais de bersolarismo e nos concursos de versos, e na actualidade traballa presentando os temas a improvisar neses festivais e campionatos.

Colaborou en distintos medios de comunicación: Euskadi Irratia, *Deia*, e a día de hoxe escribe unha columna no xornal *Berria*.

Publicou os seus traballos nas revistas *Karmel*, *Bolo Bolo*, e *Linterna gorria*, entre outras. A súa tarefa como escritora foi recoñecida en distintos premios literarios, e hai pouco publicou o libro de poemas *Ezkatak* (Escamas) (Susa, 2006) e o libro de literatura infantil *Amonak nobioa du, eta zer?* (A avó a ten mozo, ¿e que?) (Elkar, 2006). Participou, xunto outros escritores, no libro *Hitzak batzen gaitu* (Únenos a palabra), publicado pola editorial Elea.



# O tabú afectivo.

## Medos e preguntas

Leire Bilbao

A tarefa dun escritor é unha tarefa de busca, pescudar con palabras e nas palabras un máis aló ou un máis acó da ollada. Sexa o que sexa o obxecto da procura, moitas veces este proceso, o proceso descubridor é moito máis pracenteiro que o mesmo descubrimento. Galeusca estudia nesta edición o tema do tabú, e a materia que a min me atinxe é o tabú afectivo. Tabúes e afectos que, tanto uns coma outros, perduran case sempre ás agachadas. Peor non vimos nin a descubrires nin a verteres nada novo... se cadra, porque de facelo, o tabú deixaría de selo.

### **Tabú**

A orixe da palabra tabú ten as súas raíces na Polinesia. Na súa lingua, “ta” significa tocar, e “pu” significa non. Polo tanto, non tocar. É o sagrado, o prohibido ... o tabú é intocable.

Falaremos, entón, dos tabúes, de todo aquilo que non se pode nin tocar nin mencioar. Polo tanto, ¿coñecemos cales son os nosos propios tabúes, se cadra están agochados de máis... poderíamos tentar destapalos? Se compre que o tabú sexa auténtico, ten que estar profundamente soterrado, abondo como para non poder sacalo á luz doadamente. Por tanto, ¿en lugar de tratares o tabú, non nos limitaremos inconscientemente a falar do seu contexto? ¿Temos coñecemento deles? E aínda así, ¿recoñecemosolos?

### **Afectos**

¿Como definilos afectos? Non serei eu quen tente facelo en dúas palabras, cando é un asunto que desvocou obras enteiras.

Poderíamos decir que se atopan nun lugar que non podemos tocalos. Ben. Polo tanto, son tabúes. Porque os sentimentos non se

poden tocar e, ademáis, tócanos sen nos tocar. Dúas veces tabú, os tabúes afectivos.

Pracer, teima, envexa, felicidade ou dor... O Marqués de Sade soubo obtelo pracer do sufrimento humano. Non chegaremos a tanto. Por medo, atreveríame a decir. Porque o medo é o noso tabú sobranceiro, o tabú que perdura no fondo de tódolos tabúes.

## Literatura universal

Na literatura universal podemos atopar obras memorables que abranguen o tema do tabú:

Por exemplo, *Lolita* de Nabokov, onde o autor amosa unha complexa relación entre unha menor (12 anos) e seu “titor”, e enxeña un termo que explica un patrón concreto de muller: Lolita.

Resulta difícil de entenderes como nunha sociedade como a actual, aínda se sinala ás “lolitas” como culpables, e que o home (amante da nai) que mantén secuestrada á nena por máis de dous anos na novela, tíldese de vítima. ¿Por qué botárllelas culpas á unha persoa que descobre os seus desexos? ¿Só é un xeito de ocultalos tabúes?

A novela *Homo Faber* de Max Frisch tamén resulta seres un exemplo significativo, unha convidación literaria que tenta pescudar máis aló da figura de Lolita. O señor Faber comeza unha viaxe en solitario no que coñece unha muller moito máis xoven ca el, da que, unha vez salvados os tabúes previos, remata namorando. Compartirán viaxe e leito. Ende mal, a moza morre antes de chegaren ó seu destino, e será a súa propia nai quen lle diga que aquela fermosa muller era a súa filla. Unha lea construída sobre os tabúes afectivos, obra de Max Frisch.

Sinalemos tamén varias obras de Elfriede Jelinek. Por exemplo, a súa afamada novela *A pianista*, onde unha mestra de música Erika Khut, que anda preto dos corenta anos, vivirá unha axitada relación de sexo e amor con un dos seus xóvenes alumnos. Con todo, aínda resulta máis tormentosa, e falando do tabú afectivo, aínda moito máis interesante, a realción que mantén ca súa nai.

Na obra *Os amantes*, compre destacar a ironía ca que nos describe os roles entre homes e mulleres. E na obra *Os rexeitados*, os existentes entre distintos fatos de adolescentes e, como non, a relación amor-odio que manteñen con seus proxenitores.

Aínda así, non son máis que unha pequena lista de exemplos, válida a xeito de resposta, pero á vez, tamén como novos interrogantes. Son, a fin de contas, como unha isca que desperta a nosa atención e nos empurra á buscarmos novos exemplos.

## Literatura Vasca

¿Que ocorre na literatura vasca? ¿Ata que punto nos atrevemos a propalar os nosos tabúes? Temos *A afillada* de Jon Mirande. ¿Nada máis?

Na novela *Dous irmáns* de B. Atxaga atopámonos unha pasaxe notable, cando o irmán eivado lle toca os peitos á moza do seu irmán. Poderíamos dicir que ca licencia da rapaza, con tódolos tabúes que a acción evidencia.

Tamén existen obras nas que, consciente ou inconscientemente, os tabúes despuntan dende o mesmo título. Por exemplo:

*A teima de Rosseti* de R. Saizarbitoria (Erein, 2001), no caso da contradicción do escritor que atopa na palabra escrita a canle para poderes falar sobre os seus sentimentos, pero que no plano personal ten dificultade para expresalos.

Saizarbitoria adica neste libro novas pasaxes ó tema do tabú e á literatura. O escritor, é dicir, o protagonista da novela, nos di nun capítulo do libro: “*e para quen ten unha mínima capacidade para a escritura, sempre lle resulta máis doado expresarse dende o escrito. Porque evita ter que decilas cousas á face e, sobre todo, porque quen escribe sempre poderá dicir que é pura invención, simple literatura. Por iso creo que –di textualmente o escritor–, agás contadas excepcións, os escritores adoitan ser uns apoucados*”.

O escritor X. Mendiguren leva ó extremo as situacións e os personaxes da súa obra máis recente *Almas morriñentas* (Elkar, 2006), e deixa aparcado o pudor que nos esperta o corpo e os sentimentos. Un mestre maior que se namora dunha alumna, dúas mullers que falan sobor das aventuras máis tolas dos seus anos novos, unha historia que mestura a política e sexo...

...son exemplos.

## Poesía

Debuxamos dous exemplos para fixalos na narrativa. ¿Pero que ocorre na poesía?

¿Non practicamos sen quere-lo un dobre xogo? ¿Son razoables os tabúes poéticos?

Na narrativa inventamos personaxes literarios, que transcenden ó mesmo escritor. Protexémonos baixo o pano dunha terceira persoa ou primeira persoa ficticia, e tal vez, valémonos (cando o facemos) dun personaxe literario para facer seus os tabúes. ¿Pero que ocorre na poesía?

Ó poeta demandámoslle “honradez” (e digo en comas). Que se espida nun papel baleiro. A revelación do oculto. A presenza do eu.

E aínda que esté escrito en terceira persoa, que poidamos escoitar entre liñas a voz do poeta. Nunha palabra, implicación.

¿Pero de que xeito tocalo intocable?

Na poesía e na narrativa, ¿son iguais as canles para expoñelos tabúes? ¿Ou non? Podemos decir que na poesía vasca tamén imos rachando tabúes ós poucos.

Por exemplo, no seu libro *O código da pel*, dinos Miren Agur Meabe *Chove sobre ol clítoris, Acostariáame con todos vós* dinos Amaia Lasa, Angel Erro escribe unha *Oda ó pene...* Sonia González dinos nos seus poemas amnióticos, “*gústame cando se achega empalmado ó leito...*”

...exemplos.

¿Compre aproveitala literatura para rachar tabúes?, esta podería sela pregunta desta nova edición de Galeusca.

¿A literatura é válida para rachar tabúes? ¿Ata que punto somos esclavos dos nosos propios tabúes?

A meirande parte deles están relacionadoos co sexo e ca morte, pero tamén cas pequenas mortes das cousas decote. As relacións sexuais entre parentes ou impedidos, a violencia de xénero, a masturbación, a impotencia sexual (tamén a impotencia física e psíquica: sabérmonos seres limitados), a menstruación, a menopausia, a morte, a depresión, o stress, a enfermidade, a frustración... ¿Como asentelos nun anaco de papel?

## **Tabú e afectos**

Cas palabras non buscámolo efecto, se non o afecto. O máis difícil é escribir sobor dos nosos medos e sentimentos máis íntimos. ¿Non é o medo o tabú de tódolos tabúes? ¿Non agacha ese tabú o resto dos tabúes? ¿cales son os medos do escritor?

## **Medo**

Poderíamos decir, que a felicidade non está de moda na literatura vasca. Son poucos os personaxes ledos, sen complexos. Haberá quen diga que lle resulta máis difícil escribir sobor da ledicia. Haberá outro que diga que a ledicia non se pode escribir. Tamén nos custa escribir sobor do amor (o namoramento é máis recorrente na literatura). ¿É por iso que carecemos do xénero rosa nas letras vascas? Non nos botaremos agora en augas tan fondas.

Aínda así, na rúa, á pregunta *¿como vai iso?*, contestamos *Ben, moi ben*. Queremos afastarnos dos problemas. Todo o contrario que na literatura. A meirande parte dos personaxes literarios son tirstes, seres atormentados... cheos de tabúes.

Por moito que creamos que temos que utilizar a literatura para poñer os tabúes que sofre a sociedade no papel, non deixa de ser un paradoxo. Tanto na sociedade, como no mundo literario, está prohibido falar das túas propias debilidades e fraquezas. É o temor a coñecelas túas propias limitacións. E o maior do tabúes, o tabú que sobresaí do fondo de tódolos tabúes: o medo.

Na literatura vasca os personaxes non emporcan o libro, os homes non se masturban case nunca, nin que decir das mulleres, poucas veces quitan a roupa, poucas veces van ó baño... non sufren a menstruación, non necesitan depilarse... non hai felacións, nin cunilingus... a penas atoparemos algunha escena erótica.

Do mesmo xeito que na nosa sociedade, as persoas discapacitadas carecen de vida ou impulsos sexuais, a dende certa idade tampouco practican sexo... Os personaxes literarios non pagan hipotecas, non teñen deudas facenda, se drogan ou se emborrachan, de non seren baixo receita do médico.

Creamos unha sociedade literaria modélica, ou iso semella. O soño de moitos mandatarios.

## **Lindes**

Rachalos moldes é o soño de todo escritor. Cotos físicos (para iso está Galeusca), cotos idiomáticos e cotos anímicos (tabúes políticos, estéticos ou afectivos). O sabemos de longo, estamos limitados. Coñecémolas barreiras exteriores, polo tanto sabemos que é o que queremos rachar; ¿pero e as rémoras interiores? A literatura, ademáis da rutina diaria, ofrécenos tamén vidas paralelas. Creamos cidades imaxinarias, pero tamén semella que exportámoslos nosos tabúes á eses pobos literarios ou xeografía de papel. ¿Non podemos ser ceibes nin sequera nese mundo de papel que nos mesmos creamos? Non vou ser eu quen descubra nada, si digo que o preso e o carceleiro son unha mesma persoa. A mesma persoa, o aforcado e o verdugo. Unha soa persoa: o propio escritor.